

Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra
Departamento Territorial de Educación e Ordenación Universitaria
Edificio Administrativo de Campolongo
Avda. Fernández Ladreda 43
36003 Pontevedra

NOTA DE PRENSA

En Pontevedra a 15 de decembro de 2010

A permanente da Xunta de Persoal Docente da Provincia de Pontevedra volve pedir publicamente a dimisión do Xefe Territorial da Consellería de Educación, César Augusto Pérez Ares.

Hoxe, día 15 de decembro, a permanente da XPD-Pontevedra convocara unha sesión de negociación co Xefe Territorial. A orde do día incluía 14 puntos: peticións de profesorado especialista, obras en centros, horarios... realizadas por centros da provincia e canalizadas a través das organizacións sindicais que forman parte da Xunta de Persoal. Un dos puntos máis importantes da orde do día era a negociación das vacantes que se ofertarán no concurso de traslados convocado no pasado novembro.

A orde do día fora entregada ao Xefe Territorial o día 8 de decembro para que tivese tempo abondo para se informar sobre os asuntos propostos e contestar razoadamente. A sesión de negociación comezou ás 10 horas analizando o primeiro punto da orde do día: asuntos pendentes. Neste apartado revísanse cuestións xa tratadas en sesións anteriores e sobre as que o Xefe Territorial non contestara.

Como xa ocorrera noutras reunións o Xefe Territorial non contesta, evidenciando falta de coñecemento polos asuntos que lle transmitimos e amosando unha actitude de desprezo cara ao profesorado e a súa representación.

Despois de manifestarmos a nosa protesta, continuou a sesión. Propuxemos un calendario para negociar as vacantes do concurso de traslados antes da súa publicación no DOG. O Xefe Territorial contéstanos que non as vai negociar, explicando que non ten esa capacidade. Esixímoslle que

reconsidere a súa actitude e, ao non facelo, decidimos erguernos e dar por finalizada a xuntanza.

Hai menos dunha semana que se celebraron as eleccións sindicais no ensino público e as 5 organizacións sindicais presentes na XPD-Pontevedra obtiveron máis de 7.000 votos válidos. É inadmisíble que o Xefe Territorial desprece esa representatividade.

Diante desta reiterada actitude antisindical e de falta de respecto ao profesorado solicitamos a súa dimisión.

Asinan esta nota de prensa as organizacións sindicais que forman parte da XPD: CIG-ensino, FETE-UGT, CCOO, STEG e ANPE.

Xabier Pérez Davila

Presidente da XPD-Pontevedra

INFORMACIÓN SOBRE A XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra (XPD), formada por 43 delegadas e delegados elixidos nas eleccións sindicais realizadas en decembro de 2010, é o órgano de representación do profesorado nos niveis de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Programas de Cualificación Profesional Inicial, Formación Profesional, así como nos centros de Educación de Adultos, Escolas Oficiais de Idiomas e Conservatorios. A XPD representa a 11.500 profesoras e profesores que imparten as súas aulas nos niveis citados. O traballo deste colectivo realízase en máis de 420 centros públicos nos que cursan os seus estudos máis de 98.000 alumnas e alumnos segundo datos do Instituto Galego de Estatística (agosto de 2010). Estes datos non inclúen o alumnado de Educación de Adultos nin das Escolas Oficiais de Idiomas e Conservatorios.